



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na inauguración da xornada “100 anos do Pazo do Hórreo”

Salón dos Reis dos Parlamento de Galicia, 02/10/2015, 09,45h.

Vicepresidente da Xunta de Galicia

Alcalde de Santiago de Compostela

Membros da Mesa do Parlamento de Galicia

Ex-presidentes do Parlamento de Galicia

Intervenientes nesta xornada

Portavoces parlamentarios

Fiscal superior de Galicia

Deputados e senadores

Valedora do Pobo

Autoridades e representacións

Señoras e señores



Na Universidade de Santiago era famoso un sabio e vello profesor que se recluía nunha cova do monte Pedroso axudado por un fonendoscopio, pois dicía –ante o asombro dos seus alumnos– que ía escoitar o que as pedras falaban.

Pensei nel cando xurdiu a idea de celebrar os cen anos deste edificio e gustárame ter a habilidade daquel excéntrico sabio para ser merecente do que estas paredes nos poderían contar.

Mais, como non foi posible acadala, acudimos a quen pode facelo por nós e, aínda que a mensaxe non veña a través das pedras, non sexa pétrea, si poden contarnos a historia deste edificio a través da súa sabedoría.

Esta casa non se pode entender se non somos quen de encaixar o edificio no tempo de Montero Ríos, político nado na rúa dos Xasmíns e que tanto fixo por Santiago, Pontevedra e Galicia. E quen mellor que o profesor Ramón Villares para nolo explicar.

E o deseño do edificio tampouco o comprenderíamos sen que o profesor Soraluce o poña en confrontación co que entón se deseñaba e construía.

Todo edificio ten a súa historia intramuros e este, construído para acoller a Escola de Veterinaria –que nos vai contar polo miúdo o doutor en Veterinaria Diego Conde–, foi cedido formalmente ao Exército en 1925. Desde entón, converteuse nun referente militar para a cidade –“o cuartel do Hórreo”, como lle chamaban– ata que foi adquirido pola Xunta ao



Ministerio de Defensa, en 1986, para situar nel a sede oficial e definitiva do Parlamento de Galicia.

Ademais de Diego Conde, experto en historia da Veterinaria e autor de varios traballos sobre a desaparecida Escola de Veterinaria de Santiago, o coronel Rodríguez Villasante investigou arredor do uso militar do edificio e vainos ilustrar sobre o que aquí aconteceu.

E ninguén mellor que Tomás Pérez Vidal, presidente da Cámara legislativa nas datas en que se fixeron as obras, para falar da reconversión do vello cuartel a Parlamento de Galicia.

Todos eles van ser presentados por outro dos actores na vida desta casa, o profesor Xosé Luís Barreiro Rivas, vicepresidente da Xunta cando o Goberno galego mercou o edificio para convertelo en sede do Legislativo autonómico.

Como lembranza deste día verán vostedes dúas placas conmemorativas: unha, que atinxe aos cen anos do edificio, na entrada desta casa; e, a outra, ao pé do cedro atlántico, árbore situada no xardín do Pazo do Hórreo, aquí fóra, ao noso carón, e que ten a súa orixe na época da construción do edificio, razón pola que vén de ser incluído, por parte da Xunta de Galicia, no Catálogo galego de árbores senlleiras.

Poderán contemplar tamén unha pequena exposición con testemuñas fotográficas, reproducións facsimilares de prensa da época e obxectos relacionados cos tres usos que tivo este edificio durante a centuria que hoxe conmemoramos.



O século transcorrido desde a inauguración deste edificio permite acreditar tamén a influencia decisiva que esta construción ten exercido sobre o seu contorno inmediato, pero tamén sobre o conxunto da trama urbana de Santiago de Compostela.

Un efecto xa buscado deliberadamente por quen tomou a decisión da súa situación, formando parte dun eixo vertebrador da cidade do futuro.

E o paso do tempo revelou tamén o acerto da solución escolleita, xa que, malia tratarse dun edificio que non supuxo grandes avances nin propostas arquitectónicas novidasas, naquel momento acabou revelándose como unha obra funcional e versátil.

Tanto é así que, sen necesidade de someterse a grandes reformas –de feito, conserva a súa estrutura orixinal–, foi quen de acoller satisfactoriamente tres usos completamente diferentes: docente, militar e institucional.

Pero deses tres usos falarase hoxe nunha xornada pola que digo grazas a todos os que colaboraron con nós para facela posible.



Para rematar, quero recordar que dous dos poderes sobre os que se sustenta o autogoberno de Galicia –o lexislativo e o executivo– están instalados en edificios construídos noutros tempos grazas a Montero Ríos: o Pazo do Hórreo –actual sede do Parlamento– na antiga Escola de Veterinaria, e a Xunta de Galicia no antigo Colexio de xordomudos e cegos de San Caetano; os dous en Santiago de Compostela, onde dan fe da pegada do seu impulsor.

Agardo, pois, que esta xornada nos sirva para recordar a figura de Montero Ríos e, sobre todo, para coñecer un pouco mellor a historia desta “casona do Hórreo”, que acabou albergando a primeira institución de Galicia.

Como presidenta do Parlamento é unha satisfacción poder levar a cabo unha xornada conmemorativa coma esta.

Agradezo ao vicepresidente da Xunta a súa presenza neste acto inaugural.

E agradezo tamén a presenza de todos vostedes: a dos que falarán, pola súa axuda e colaboración, e a de todos os demais, porque contribúen coa súa presenza a dar realce a esta celebración.

Grazas. Moitas grazas.